

abrapalabra
creacións escénicas

Apresenta

CÁNDIDO PAZÓ DECAMERON

GIOVANNI BOCCACCIO

historias para tempos ruíns

Escribiu Boccaccio que un fato de mozos, fillos das máis ricas familias de Florencia, fuxindo dun mortífero andazo, toparon acocho nunha bucólica quinta campestre e, por se entreter, deron en se contar divertidas historias uns aos outros.

Foi no século XIV. Era a peste bubónica. A nosa, aquí e agora, é a peste económica.

Xa que non somos fillos das máis ricas familias nin temos bucólicas quintas para as que fuxir desta peste, gocemos, cando menos, daquelas historias.

*Seguindo coa fórmula unipersoal
que tan ben funcionou nas
Memorias dun neno labrego
Cándido Pazó acomete agora un novo reto escénico*

DECAMERÓN

*Dun clásico galego a un clásico universal
Un monólogo directo e dinámico
De forte e aguda comicidade
Ideal para tempos ruíns
nos que o exercicio catártico da risa
é máis necesario ca nunca*

Unha fórmula híbrida, teatro e narración oral, na que Cándido Pazó combina e optimiza a súa pericia neses dous ámbitos da comunicación escénica, satisfacendo todo tipo de públicos, nun vizoso encontro entre o culto e o popular

Un espectáculo explosivo no que actor e espectador están en continua conexión, nun discurso irónico e cun ritmo trepidante



*Na nosa versión adaptamos
unha presa de contos do orixinal.
Os máis divertidos e mordaces, os de máis proveito
hoxe en día, os máis acaídos para o noso
tratamento escénico. Unha escolla que varía
segundo o tipo público: xeral ou escolar
(2º ciclo de E.S.O. e bacharelato)*

*Cunha escenografía sinxela pero de gran potencia metafórica.
Unha música composta segundo o espírito e o carácter que a peza
require. Unha coidada iluminación que debuxa as atmósferas, cómicas
ou poéticas, que o texto suxire*

“O *Decamerón* é a obra dun narrador xenial. Boccaccio é superior a todos. Ó infante don Juan Manuel, ós autores franceses de *fabliaux*, infinitamente máis rico que o Arcipreste de Hita (...) e máis moderno e cos personaxes máis caracterizados que os *Contos de Canterbury* de Chaucer...”


Álvaro Cunqueiro

O *Decamerón* é un dos fitos da literatura europea. Prohibido pola Inquisición, rebordante de humor e erotismo, rompe co tenebrismo medieval e anuncia a luz do Renacemento



Unha produción de

abrapalabra
creacións escénicas



*Adaptación
e cómico-narrador*
Cándido Pazó
*Composición
e dirección musical*
Manuel Riveiro
Gravación musical

Harry C (viola, violín e mandolina)

Manuel Riveiro (guitarras,
percusión, piano e programación)

*Escenografía
e vestuario*

Carlos Alonso

Iluminación

Afonso Castro

Deseño gráfico

Miramemira

Colaborador na produción

Avelino Cores "Fáber"

Distribución

PemáisPe

*Axudante de dirección
e xefe técnico*

Afonso Castro

Produción

Belén Pichel

Dirección
Cándido Pazó

Contratación
Belén Pichel
605263755
981511796

belenpichel@gmail.com

Espectáculo subvencionado por

AGADIC

Axencia Galega das
Industrias Culturais

Coa colaboración do
Concello da Illa de Arousa

